# CIRCULAR 82 – 2019
# LXXXVI CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO E LII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO FEMININO AO AIRE LIBRE

*- A todas as delegacións da FGA.*
*- A todos/as os/as asembleístas*
*- A todos os clubs galegos con licenza vixente*
*- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
*- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1)** O día 20 de xullo de 2019 celébrase o LXXXVI Campionato de Galicia Absoluto Masculino e o LII Campionato de Galicia Absoluto Feminino, nas Pistas do CTGD de Pontevedra.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles atletas, coas marcas mínimas acreditadas, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as maiores de 18 anos que non estean nacionalizados/as en España non poderán optar ós podios nos Campionatos de Galicia.*

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (https://isis.rfea.es/sirfea2/) **ata as 20:00 horas do martes 16 de xullo do 2019.**

**Art.4)** Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as con dereito, (nacionais con ficha por Galicia) recibirán unha medalla do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5)** Os/As atletas deberán utilizar os dous dorsais outorgado pola organización de forma totalmente visible, agás en saltos ,onde poderán usar un só. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.6)** Ó longo do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que, clasificándose nas eliminatorias ou series, non participe na seguinte rolda ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida a dirección técnica da FGA.

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com


**Art.7)** Se nalgunha das probas nas que está previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar o número mínimo preciso para a súa realización, adiantarase a final disputándose esta no horario das semifinais.

**Art.8)** En todas as carreiras, a confección de series realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada. O sistema de clasificación para a seguinte rolda no caso de que a houbese, será comunicado nas listas de saída.

**Art9) Limitacións de probas na categoría Sub 18:** só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas. No caso de participaren en dúas carreiras só poderá realizarse unha de máis de 200 m.
**Limitacións de probas na categoría Sub 16:** só poderán inscribirse nun máximo de dúas probas do seu programa.
Os relevos 4x100 non se contarán á hora das limitacións. Os 4x400 si a nivel de distancias.

**Art. 10)** Horario (Provisional. O horario final publicarase unha vez coñecidas as inscricións definitivas).

| CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| XORNADA DE MAÑÁ | | | | | | |
| 5.000 Marcha | HOMES | FINAL | **10.30** | Martelo 4kg | MULLERES | FINAL |
| | | | **10.45** | Pértega | MULLERES | FINAL |
| 5.000 Marcha | MULLERES | FINAL | **11:00** | Altura | HOMES | FINAL |
| 5000 | HOMES | FINAL | **11.40** | Disco | MULLERES | FINAL |
| | | | | Peso | HOMES | FINAL |
| 5000 | MULLERES | | **12:05** | | | |
| 200 | MULLERES | SEMIFINAL | **12.35** | | | |
| 200 | HOMES | SEMIFINAL | **12.45** | | | |
| | | | **12:50** | Disco | HOMES | FINAL |
| | | | | Peso | MULLERES | FINAL |
| | | | | Lonxitude | HOMES | FINAL |
| 800 | MULLERES | FINAL | **13:00** | | | |
| 800 | HOMES | FINAL | **13:10** | | | |
| 400mv | HOMES | FINAL | **13:20** | | | |
| 400mv | MULLERES | FINAL | **13:30** | | | |
| 100 | MULLERES | SEMIFINAL | **13.40** | | | |
| 100 | HOMES | SEMIFINAL | **13.55** | | | |

| XORNADA DE TARDE | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 110v | HOMES | SEMIFINAL | **17:30** | Martelo 7,260 kg | HOMES | FINAL |
| | | | | Triplo | HOMES | FINAL |
| 100v | MULLERES | SEMIFINAL | **17:45** | | | |
| 100 | MULLERES | FINAL | **18:00** | | | |
| 100 | HOMES | FINAL | **18:10** | Pértega | HOMES | FINAL |
| 400 | MULLERES | FINAL | **18:20** | Altura | MULLERES | FINAL |
| 400 | HOMES | FINAL | **18:35** | Triplo | MULLERES | FINAL |
| 1.500 | MULLERES | FINAL | **18:50** | Xavelina 600 gr | MULLERES | FINAL |
| 1.500 | HOMES | FINAL | **19:00** | | | |
| 200 | MULLERES | FINAL | **19:10** | | | |
| 200 | HOMES | FINAL | **19:20** | | | |
| 110v | HOMES | FINAL | **19:35** | Lonxitude | MULLERES | FINAL |
| 100v | MULLERES | FINAL | **19:45** | | | |
| 3000 obs | HOMES | FINAL | **20:00** | Xavelina 800 gr | HOMES | FINAL |
| 3000 obs | MULLERES | FINAL | **20:15** | | | |
| 4x100 | MULLERES | FINAL | **20:35** | | | |
| 4X100 | HOMES | FINAL | **20:45** | | | |
| 4X400 | MULLERES | FINAL | **20:55** | | | |
| 4X400 | HOMES | FINAL | **21:05** | | | |

## SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

**Carreiras:** 10min antes da hora oficial da proba
**Carreiras valadas:** 15min antes da hora oficial da proba
**Concursos (agás pértega):** 30min antes da hora oficial da proba
**Pértega:** 45min antes da hora oficial da proba

* Entrada en cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial á pista.
* Os/As atletas terán a obrigación de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír coa camiseta na man ou gardada

**Art.11)** A distancia das táboas e as cadencias das alturas publicaranse xunto coa lista de admitidos.

**Art.12)** Marcas Mínimas de aire libre acadadas durante o período comprendido entre o 1 de novembro do 2018 e o 14 de xullo do 2019. O comité técnico da FGA resérvase o dereito de aceptar a participación de acreditados atletas que por mor de lesións ou otras razóns limitantes, non acadaron as marcas mínimas esixidas. Estes casos deberán enviar a sua solicitude a direciontecnica@atletismo.gal antes do peche da inscrición.

| | HOMES | MULLERES |
|---|---|---|
| **100 m.** | 11.40 | 12.95 |
| **200 m.** | 22.80 | 26.40 |
| **400 m.** | 50.70 | 59.90 |
| **800 m.** | 2.00.00 | 2.30.00 |
| **1.500 m.** | 4.11.00 | 5.08.00 |
| **110 m.v./100m.v.** | 17.50 | 17.25 |
| **400 m.v.** | 1.00.00 | 1.12.00 |
| **3.000 m.Obs.** | 10.30.00 | 13.00.00 |
| **5.000 m.** | 15.50.00 | 19.00.00 |
| **5.000 m. Marcha** | 30.00.00 | 33.00.00<br>18.00.00 (en 3Km) |
| **Lonxitude** | 6.60 | 5.30 |
| **Triplo** | 13.15 | 11.00 |
| **Altura** | 1.78 | 1.53 |
| **Pértega** | 3.70 | 2.60 |
| **Peso** | S.M. | S.M. |
| **Disco** | S.M. | S.M. |
| **Xavelina** | S.M. | S.M. |
| **Martelo** | S.M. | S.M. |

**S.M:** Sen marca mínima. Poderán participar ata as 12 mellores marcas acreditadas. Non se aceptará a inscrición de ningún atleta sen marca acreditada nalgunha proba oficial en pista na tempada actual, agás casos autorizados polo comité técnico

**Participación por probas:** Se non chegan ao límite por proba poderán repescarse atletas ata chegar a estes participantes por proba. Non sendo obrigatorio a aceptación de marcas que non estean próximas ás mínimas.

| | |
|---|---|
| 100/valos curtos | 24 |
| 200/400/400mv | 16 |
| 800/1500 | 12 |
| relevos | 8 |
| 5000 /marcha | 16 |
| concursos | 12 |

.

**Art.13)** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:, aprobadas pola Asemblea Xeral da FGA.

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no
- Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa
- xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, pudendo ser esta denegada. Estas inscricións, deberán facerse na intranet: https://isis.rfea.es/sirfea2/ ata o venres 19 as 10:00 da mañá.

**Art.14)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

.

A Coruña, 5 de xullo de 2019

Carlos Castro Vicente

**Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo**